

DOCUMENTO INFORMATIVO PARA OS PAIS / NAIS OU TITORES / AS LEGAIS SOBRE A MATERIA DE LATÍN- 2º BACH.

1- CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS.

BLOQUES TEMÁTICOS: O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES / MORFOLOXÍA / SINTAXE / LITERATURA LATINA / TEXTOS / LÉXICO.

Aval.	Contidos	Meses	Probas de aval.
1ª	Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos / Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares / Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica / Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal / Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula / Tradución e interpretación de textos latinos / Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos / Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico / Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	SET./OCT.	X
	Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán / Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares / Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica / Tipos de oracións e construcións sintácticas / Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula / Tradución e interpretación de textos latinos / Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos / Identificación das características formais dos textos / Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua / Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.	NOV./DEC.	X
2ª	Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos / Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares / Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica / Oración composta: coordinación e subordinación / Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino / Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula / Tradución e interpretación de textos latinos / Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais / Identificación das características formais dos textos / Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico / Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.	XAN./FEB.	X
	Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos / Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán / Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares / Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica / Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino / Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula / Tradución e interpretación de textos latinos / Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos / Identificación das características formais dos textos / Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico / Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.	FEB./MAR.	X
3ª	Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula / Tradución e interpretación de textos latinos / Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais / Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos / Identificación das características formais dos textos / Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria / Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.	ABR./MAI	X

2- MÍNIMOS ESIXIBLES: Os que figuran na programación cun grao mínimo de consecución do 100% en cada avaliación.

3- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN: Avaliación continua (cualificación, media, ponderación...): Probas escritas (exames): En cada exame especificarase en cada ítem a cualificación (sobre 10). A nota oscilará entre 0 e 10. A superación da proba conseguirase cun 5 como mínimo. Terase en conta aspectos lingüísticos como a cohesión e a ortografía (-0'1 por cada erro). A non presentación ao exame sen causa xustificada supoñerá unha nota de 0. Se se detectase que algún alumno copia, cambia o exame ou fai calquera outra cousa que non sexa facer o exame en igualdade de condicións que os seus compañeiros a nota do exame será 0. Traballo persoal: Todos os alumnos parten de 2 puntos aos que se lle restarán os negativos. O traballo persoal consiste en: Actividades na aula: ata 0'5 p. / Exercicios e actividades para casa: ata 1 p. / Interese pola materia / Comportamento e orde: ata 0'5p. Ponderación: exames: 80% / Traballo persoal: 20%. Redondeo: Se a nota final ten a súa parte decimal comprendida entre 1 e 50 centésimas, redondearase á baixa ao número inferior; se está comprendida entre 51 e 99 centésimas, redondearase á alza ao número superior. A nota de avaliación calcúlase: Nota de exames (media aritmética dos distintos exames da avaliación) (80 %) + Nota de traballo persoal (20 %) = máximo de 10 puntos. // Avaliación final: Non hai exames de recuperación das probas escritas (examen) das avaliacións. Se trata dunha materia na que a avaliación é continua e os contidos son acumulativos. A superación dunha avaliación supón a recuperación automática da anterior, se a tivese suspensa. A superación da terceira avaliación supón que o alumno aproba as anteriores e polo tanto a asignatura. / Á avaliación final deben ir os alumnos que suspendan polo menos dúas avaliacións. Os que suspendan as dúas primeiras avaliacións e aproben a última aprobarán a asignatura. Tamén deben ir os alumnos con perda do dereito á avaliación continua. / Á proba da avaliación final consistirá nun exame escrito sobre toda a materia do curso. Avaliaranse todos os estándares de contidos mínimos. // Avaliación extraordinaria: A proba da avaliación extraordinaria consistirá nun exame escrito sobre toda a materia do curso. Irán a proba extraordinaria os alumnos que suspendan a avaliación ordinaria. // Avaliación e recuperación de pendentes: Seguimento: Un exame e traballos cada avaliación. É necesario realizar os traballos propostos sexan do tipo que sexan como *conditio sine qua non* para facer os exames. O primeiro exame a principios de Decembro, o segundo en Marzo e o terceiro en Maio. // En todas as avaliacións (continua, final, extraordinaria e recuperación de pendentes) o aprobado conseguirase cun 5 como mínimo.

Fdo: O xefe do departamento de Grego.